

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 27 ao 30 de abril

Ola alumnas, Que tal o imos levando. A partires desta semana xa vades poder sair a dar algun “rule” por aí. Sede cuidadosos e responsables, dacordo? Non pensedes so es vós, senón tamén nas persoas coas que compartides a vida. A ver, que se fose o profe sustituto de Historia e lle tusedes, pois tampouco pasaría nada; pero claro, aos vosos pais, irmáns, etc. pois home, queda feo, non? Que mala xente, que malísimos sodes. Así me gusta!

Bueno, pois como a semana pasada mandeivos moitos exercicios, que me estiveron pitando os oídos toda a semana, desta vouvos mandar uns poucos menos. Imos rematar o tema 6 sobre a Baixa Idade Media. En concreto, imos ver a crise da Baixa Idade Media: fames, guerras, revoltas e... a peste negra! Ahhh, Terror!!!

Entón, imos facer así:

- Facemos as actividades 1 á 5 da páxina 123. Na pregunta 4 o que imos facer é copiar na libreta o esquema: As causas da crise dos séculos XIV e XV. Na pregunta 5, so respondemos á pregunta inicial.
- Agora imos á páxina 127 e facemos a activiade 3 sobre a monarquía e a burguesía
- A continuación, imos á páxina 126 e facemos as actividades 1 á 4, o 5 non, sobre as revoltas do pobo contra os señores naqueles anos.
- Finalmente, na páxina 125 facemos as actividades da 1 á 4. Estas tédeas que facer con lubas e mascarillas.
- Para rematar podedes volver ver (creo que xa volo puxen na clase pero da igual) estas escenas da película El séptimo sello, de Ingmar Bergman (1957)
<https://www.youtube.com/watch?v=ancrs9ub5-o>
<https://www.youtube.com/watch?v=0fk32Jv60m0>
- E de regalo, unha canción de Johny Cash, cantante country xa morto, que fai unha versión libre e moderna do libro do Apocalipsis, pero que reflexa moi ben a sustancia do texto. A ver que vos aparece.
- <https://www.youtube.com/watch?v=y2oxxIq8Mqc>

Nas próximas semanas que veñen trataremos asuntos máis sosegados, instructivos e estéticos: as primeiras universidades e a arte gótica. Espero que pasedes unha boa finde e unha boa semana. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria, David.